

## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**.

Na Comisión de Educación e Cultura do 19 de maio de 2016, foi aprobada por unanimidade unha Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista instando a Xunta de Galicia a, poñer en marcha de forma inmediata as acción máis urxentes para solucionar os problemas que se manifestan en Santa Eulalia de Bóveda e a iniciar un plan conxunto de investigación, rehabilitación, conservación e posta en valor deste importante monumento e de todo seu conxunto.

Un mes máis tarde, a través dos medios de comunicación, soubemos que a Consellería de Cultura pretendía facer un investimento de 44.500 euros no 2016 no arranxo de Santa Eulalia, aínda que consideraba que non podía tocar as pinturas ata que se reducira a humidade dentro do templo, circunstancia que xa se coñecía con anterioridade dado que a consellería afirma que realiza estudos continuos da súa situación dende 2013.

Tamén se comunicou que se faría unha medición en 3D do recinto e o seu contorno, pero dende ese momento non tivemos máis datos nin información sobre o feito en Santa Eulalia, o seu estado e as previsións de actuacións. Tampouco sabemos si a consellería pensa realmente facer o plan de intervención que aprobou o Parlamento, porque unha medición en 3D é unha ferramenta non un plan de investigación nin a difusión que tiveron os folletos que ao parecer se publicaron como información turística e cultural.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.<sup>a</sup>) Cal é a situación actual de Santa Eulalia de Bóveda?

2.ª) Que accións levou a cabo a Consellería de Cultura para mellorar o seu estado?

3.ª) Cal foi o orzamento investido no ano 2016?

4.ª) Que fixo a Consellería de Cultura para cumprir as resolucións do Parlamento de Galicia do 19 de maio de 2016?

5.ª) Pensa realizar a consellería o plan conxunto de investigación, rehabilitación, conservación e posta en valor de Santa Eulalia?

6.ª) Que accións pensa poñer en marcha en 2017?

7.ª) Cal foi a difusión e o método de difusión dos folletos informativos sobre Santa Eulalia de Bóveda?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luis Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 11/01/2017 14:19:45**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 11/01/2017 14:19:53**



PARLAMENTO  
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Número 49  
20 de xaneiro de 2017

Fascículo 2



**I 3172 (10/POC-000521)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David**

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coas causas do elevado número de explotacións gandeiras que pecharon en Galicia no ano 2016, a realización pola Consellería do Medio Rural dalgunha investigación ou informe ao respecto e as medidas previstas para frear o elevado ritmo de abandono da actividade e atender as súas consecuencias [9315](#)

**I 3176 (10/POC-000522)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre o comunicado de prensa publicado o 6 de decembro de 2016 na páxina web do Ministerio de Defensa en relación co desmantelamento dun grupo de narcotraficantes [9318](#)

**I 3189 (10/POC-000523)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a situación actual do monumento de Santalla de Bóveda, as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para mellorar o seu estado de conservación e o cumprimento do acordo parlamentario ao respecto, así como as previstas no ano 2017 e a realización dun plan conxunto de investigación, rehabilitación, conservación e posta en valor [9321](#)

**I 3198 (10/POC-000524)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre as demandas realizadas e previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para a execución das obras da conexión ferroviaria co Porto Exterior da Coruña [9323](#)

**I 3200 (10/POC-000525)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre as razóns da baixada que presenta para o ano 2017 o importe máximo da axuda convocada na Resolución do 26 de decembro de 2016, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, para o financiamento parcial da renda dos contratos de arrendamento formalizados no marco do programa Aluga, o número de beneficiarios deste programa no ano 2016 e os datos referidos ao nivel de execución das partidas orzamentarias consignadas para o seu desenvolvemento [9326](#)

**I 3209 (10/POC-000526)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido a evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroalixes pola empresa Ferroatlántica e o incremento dos niveis actuais de emprego e de actividade industrial en Galicia, en especial, nos concellos de Cee e Dumbría, así como o mantemento dos postos de traballo derivados da división de enerxía nos centros de traballo galegos [9328](#)

trada PO-546, entre Pontevedra e Marín, así como a urbanización e mellora da rúa Rosalía de Castro entre a redonda de Manuel del Palacio e Ponte Muíños

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 3169 (10/POC-000520)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para recuperar os salarios galegos ata acadar a media estatal, así como a repercusión da recuperación da economía galega nas condicións salariais e laborais de Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 3172 (10/POC-000521)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coas causas do elevado número de explotacións gandeiras que pecharon en Galicia no ano 2016, a realización pola Consellería do Medio Rural dalgunha investigación ou informe ao respecto e as medidas previstas para frear o elevado ritmo de abandono da actividade e atender as súas consecuencias

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 3176 (10/POC-000522)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o comunicado de prensa publicado o 6 de decembro de 2016 na páxina web do Ministerio de Defensa en relación co desmantelamento dun grupo de narcotraficantes

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 3189 (10/POC-000523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a situación actual do monumento de Santalla de Bóveda, as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para mellorar o seu estado de conservación e o cumprimento do acordo parlamentario ao respecto, así como as previstas no ano 2017 e a realización dun plan conxunto de investigación, rehabilitación, conservación e posta en valor

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 3198 (10/POC-000524)

Grupo Parlamentario de En Marea


Sánchez García, Antón

Sobre as demandas realizadas e previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para a execución das obras da conexión ferroviaria co Porto Exterior da Coruña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 3200 (10/POC-000525)

Grupo Parlamentario de En Marea



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727